

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FACULTADE DE BELAS ARTES DE PONTEVEDRA DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE O PROCESO DE DESIGNACIÓN DA PERSOA A OCUPAR O POSTO DE DIRECCIÓN DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

A Facultade de Belas Artes de Pontevedra, por acordo unánime da súa Xunta de Facultade do 5 de maio de 2026, quere expresar públicamente o seu desacordo coa forma en que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia está a levar a cabo o proceso de selección para o posto de dirección do CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea.

Como docentes, estudantes, investigadores/as e profesionais da arte contemporánea, estimamos que a dirección do CGAC non debería ser un posto de libre designación e, aínda menos, tras unha convocatoria restrinxida a persoal funcionario do estado ou docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, consideramos que a selección prevista non debería seguir os procedementos establecidos na convocatoria publicada o pasado 8 de abril. A esta posición nos moven catro razóns fundamentais:

- Esta forma de designación directa podería comprometer a independencia da persoa que asuma as funcións da dirección do CGAC, tanto da súa programación de actividades temporais como da xestión e desenvolvemento da súa importante colección de arte contemporánea.
- A responsabilidade de seleccionar a alguén para un posto desta natureza debería corresponder a profesionais independentes e de prestixio, con experiencia probada e coñecemento experto no campo da arte contemporánea.
- A convocatoria, á que sen dúbida poden presentarse profesionais moi cualificados, exclúe, con todo, a un gran número de persoas dos campos da H^a da Arte, as Belas Artes ou outros campos como a Estética ou a Socioloxía, igualmente cualificadas e coa formación e experiencia necesarias.
- Ao restrinxir os solicitantes ó ámbito estatal, pecha a posibilidade, que consideramos moi valiosa, de recibir candidaturas de orixe internacional.

Polo tanto, instamos aos responsables deste proceso, en concreto á Consellería responsable, a convocar un concurso público internacional, avaliado por un comité de profesionais independentes expertos na materia, para a selección da persoa a ocupar a dirección do CGAC, institución relevante na arte contemporánea en todos os seus aspectos, incluído o formativo e, en xeral, no ámbito cultural galego, estatal e internacional.

En Pontevedra, a 5 de maio de 2026.